

IGV: O RURAL TEN PARTIDO

Organizando a revolta cívica das comunidades rurais

INTERIOR GALEGO VIVO

(documento POLÍTICO)

5 Unha rede cidadá para termos futuro.

Interior Galego Vivo é unha **rede cidadá** para construír futuro no interior galego e frear a demotanasia, é dicir, o despoboamento inducido por políticas que buscan facer, por acción ou omisión, do interior galego un territorio bailerado para o espolio de corporacións e fondos de investimento internacionais através do acaparamento de terras e a expulsión das comunidades rurais. **A razón de ser de IGV é a defensa do territorio e dos habitantes** do interior galego desde a sociedade civil e o municipalismo, **para rematar coa orfandade política subsecuente a décadas de hexemonía do PP e en menor medida PSOE nos nosos territorios, que son instrumentos de diferentes fraccións das oligarquías dominantes para as que somos territorio de sacrificio e «refuxio climático».**

15 Desde o nacemento en Belesar (maio 2019) fomos dotándonos de maior corpo, cohesión e capacidade organizativa até consolidármonos como **espazo aglutinador no interior galego** de entidades sociais e políticas preocupadas polo futuro, que desexamos sexa fraternal, digno e xusto.

IGV. Unha proposta política que xorde desde a sociedade civil cansa do confronto estéril dos partidos sistémicos que impiden os acordos, practican a demagogia ocultando os problemas crónicos e imposibilitan decisións comúns. A nosa proposta ten vontade de incorporar o consenso para conseguir leis de alcance e políticas contra o despoboamento e a desorde territorial para integrar a visión de todos os territorios nas diferentes perspectivas políticas democráticas. Facer **POLÍTICA**, é dicir, resolver os problemas da sociedade e mesmo inserir propostas e debates que a fagan avanzar en dereitos.

25 **IGV**. Unha formación política e social para facer fronte ao despoboamento que induciron nos nosos territorios e as pequenas vilas do interior; para confrontar os desequilibrios territoriais e a degradación e supresión de servizos que deterioran as condicións de vida das nosas xentes e que

30 negan oportunidades á mocidade; mais tamén unha formación que ergue e defende alternativas e un novo modelo de desenvolvemento máis equilibrado e xusto, consciente da crise ecolóxica, que é a principal cuestión que temos que abordar como comunidades rurais, como cidadanía galega e como Humanidade.

Porén, para sermos debemos antes de máis priorizar a construción dunha ferramenta organizativa flexíbel, mais eficaz. É vital **tecer rede** con diferentes colectivos e persoas e **construír unha organización** cunha dinámica regular que elabore na praxe un **programa común e alternativas** para actuar na instancia política a prol da nosa xente e da nosa Terra.

As coordinadas ideolóxicas que nos moven son eixes vertebradores das nosas propostas programáticas que fomos debullando e madurando nas diferentes asembleas (Courel, Antas, Chantada...).

- 40 • **DEFENSA DA TERRA e GALEGUISMO:** galeguismo emancipador, soberanía alimentar, soberanía enerxética, vertebración e equilibrio territorial, ecoloxismo, patrimonio material e inmaterial...
- **APOIO MUTUO E DEMOCRACIA RADICAL:** irmandade, igualdade, feminismo participación e transparencia.
- 45 • **DIREITOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS:** cidadanía, dereitos colectivos dos pobos e dos territorios a fin de garantir a xustiza social e territorial, Iberismo que pasa polo afondamento das relacións coa Lusofonía e aposta pola Eurorexión,..
- **GALIZA CÉLULA DE UNIVERSALIDADE.** Internacionalismo e fraternidade, ninguén é unha illa e cómpre unha Europa social dos pobos, onde se escoiten as voces do mundo rural.
- 50 • **ECONOMÍA SOCIAL.** O mercado ao servizo dos pobos e non a sociedade ao servizo **dun mercado trucado que favorece as oligarquias globais que está levando o planeta á guerra e ao desastre climático.**

Propostas para construír futuro

55 Partimos das alternativas formuladas no *Manifesto do Courel* para artellarmos o *Programa de Antas*, que agora debemos rever e completar para lanzar o **PROGRAMA DE CHANTADA** (doc. Anexo) sobre o que traballarán as agrupacións locais de IGV e as mesas e que será unha proposta

60 programática para perfilar, desenvolver e, na medida que o permita a correlación de forzas de cada altura, executar. Unha **POLÍTICA PARA O MAÑÁ** que debe saber manter a distancia da política do inmediato e do mediático, superficial ao cabo, que leva a unha crecente fractura entre persoas representantes e representadas e a un perigoso descrédito da democracia ao tempo que afonda en desigualdades devastadoras e nos desequilibrios territoriais, sociais e de clase ou xénero.

65 O momento actual é de diferentes **crises ensarilladas** – ambiental, social, económica, territorial, de representación...– exixindo de IGV a máxima audacia e o diálogo permanente con outras opcións que permiten artellar unidades de acción ou fronteas amplas segundo as circunstancias aconsellen sen esquecermos que é urxente actuar no nivel da UE para actuar sobre unha arquitectura ordoliberal, ao servizo das grandes finanzas centroeuropeas, que compromete o despregue de calquera alternativa que non pase pola desvalorización interna e o aumento do foxo da desigualdade que, agora, alimentará o crecente militarismo e o chovinismo extremo da dereita extrema e da extrema dereita.

70 Precisamos, pois, unha **REDE DE ALIANZAS** e ampliar a nosa base social territorial para afortalarnos organicamente e dotarnos de maior corpo e repercusión as nosas políticas. Sen apriorismos, desde a nosa riqueza interna, que pasa pola diversidade de sensibilidades e análises que se deben poder concretar en alternativas. **Audacia, humildade e transversalidade**, principios inspiradores desde sempre do tecido social das nosas parroquias.

75 **Porque máis rural e máis comunidade son necesarios** para unha Humanidade mellor fronte ao capitalismo salvaxe que ameaza a biosfera e nos aproxima do exterminio nuclear.

Porque o mañá é agora.

Porque **O RURAL TEN PARTIDO.**

Chantada, no interior galego, a 18 de novembro de 2023.

80 Terra a nosa!